

García foi estreada pola compañía galega Teatro de Adro en Narón, o 1 de abril de 2005, permanecendo aínda en cartel. Recibiu o Premio María Casares 2006 ao Mellor Texto Orixinal e foi nominada para o Premio Max 2006 ao Mellor Texto Orixinal en Galego. Na súa montaxe interviu o seguinte equipo artístico e técnico:

García	X. A. Porto "Josito"
Rodrigo	César Cambeiro
Escenografía	Carlos Alonso e Pablo Giráldez "Pastor"
Vestuario	Carlos Alonso
Composición musical e deseño sonoro	Fernando Abreu e Pablo G. Carrera
Deseño de iluminación	Eduardo Alonso
Deseño gráfico	Alberto Gende
Maquillaxe	Paloma Ucieda
Técnico de luz e son	Afonso Castro
Cobertura técnica.....	RTA
Auxiliar de produción	Flor M. González
Auxiliar de dirección	Belén G. Pichel
Produtora executiva	Elena Benito
Dirección	Cándido Pazó

Espectáculo producido en convenio co I.G.A.E.M. (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais)

Cela nun soto. Palla. Humidade. Farrapos. Restos de comida. Tebras descontinuas. Luzadas rotas, anacos de lúa entrando por un buraco no teito. Sosego.

Nun canto... podería ser un can. Un can afeito a levar cadea, case mimetizado con ela. É GARCÍA, atado polo pescozo a unha cadea, quen, con enquerquenado lecer, observa polo miúdo algo que ten debaixo dun brazo.

GARCÍA non ten idade. Vello envolteito na pel dun neno momificado. Neno de pel translúcida que, conservado en salmoira, leva un vello no seu interior.

Coma un raio de lúa que acertase exactamente coa entrada do alxube, asoma polo buraco o principio dunha escada de madeira. GARCÍA non se decata. A escada descende até o chan. Baixa por ela RODRIGO, home de idade imprecisa, entre os corenta e os cincuenta anos, aínda áxil e rexo. Achégase a GARCÍA...

RODRIGO.— García.

GARCÍA decátase e, no arrauto da sorpresa, nunha súbita explosión de medo, foxe espavorecido pola estancia. Fuxida inútil e radial de can amarrado.

RODRIGO.— Tranquilo. Tranquilo, son eu.

GARCÍA.— Tamén eu son eu... e mais iso non me tranquiliza nada!

RODRIGO.— Non me coñeces?

GARCÍA.— E por que había de coñecerte? Coñécesme ti a min?

RODRIGO.— E quen non? Ti es García, Rei e señor...

GARCÍA.— Señor?! (*Fuxindo de onda RODRIGO.*)
Desde cando é señor quen vive amarrado a unha cadea?

RODRIGO.— Mais...

GARCÍA.— Chámame can e comezaremos a entendernos.

RODRIGO.— Señor...

GARCÍA.— E dálle. Dime ven, toma, toma... e achegareime a ti... e até che lamberei as mans.

RODRIGO.— Deus non o permita.

GARCÍA.— Deus? Ulo? Hai tanto que non sei del... En todo caso, Deus permíteo todo. Até lle permitiu ao seu maior inimigo, o

Demo, igualalo en poder. A ti quen dos dous te manda?

RODRIGO.— Non pode ser. (*Desconcertado.*) De verdade non me recoñeces?

GARCÍA.— Pois...

GARCÍA vaise achegando amodiño a RODRIGO e comeza a cheirallo.

RODRIGO.— (*Afastándose incómodo.*) Señor...

GARCÍA.— Es ben teimudo!

RODRIGO.— Son Rodrigo.

GARCÍA.— Rodrigo? (*Un tempo.*) Eu coñecín a un tal Rodrigo, hai moitísimo tempo...

RODRIGO.— Pois iso...

GARCÍA.— Rodrigo, que?

RODRIGO.— Rodrigo... Alves. Rodrigo Alves.

GARCÍA.— Alves...

RODRIGO.— Humildemente, no teu dicir, eu era para ti coma... coma un irmán.

Ao ouvir a palabra “irmán” GARCÍA recúa e ponse a rosmar coma se fose un can. O desconcerto de RODRIGO aumenta.

GARCÍA.— Irmán? Dixeches irmán?

RODRIGO.— Dixen, si. E pido desculpas se foi demasiada licenza, mais...

GARCÍA.— Foi demasiada ameaza. Irmán... Esa é unha palabra argallada polo mesmísimo Demo, con permiso de Deus, para esconder nela a traizón. (*Sinala debaixo dun brazo.*) Ves, isto?

RODRIGO.— O que?

GARCÍA.— Isto de aquí?

RODRIGO.— Non... non sei que queredes que vexa.

GARCÍA.— Ven, dá unha man. Que me deas unha man. (*Colléndolle unha man a RODRIGO.*) Tira a luva. A luva. (*Despois de RODRIGO tirar a luva.*) Apalpa aí.

RODRIGO.— (*Con reparo.*) Meu Señor...

GARCÍA.— Que apalpes, ho.. Apalpa. Que é?

RODRIGO.— É...

GARCÍA.— É..?

RODRIGO.— Un...

GARCÍA.— Un que, ho?

RODRIGO.— Pois...

GARCÍA.— Dío.

RODRIGO.— Un carracho?

GARCÍA.— Un carracho, si. Un carracho. O sangue que corre polas miñas veas engorda os seus corpos. Levamos o mesmo sangue. Somos irmáns. Irmáns de sangue. Veñen coa intención de se aproveitaren de min, mais sen enganar nin disimular, sen me ofrecer nada en troca. Coa maldade á vista. Lealmente.

Intre de silencio. RODRIGO non sabe que facer. Finalmente tira a outra luva e fai aquel de se dispor a liberar a GARCÍA dos parasitos.

RODRIGO.— Permitídemme.

GARCÍA.— (*Fuxindo de onda el.*) E ti, ti a que viñeches?

RODRIGO.— A sacarvos de aquí.

GARCÍA.— Por que?

RODRIGO.— Porque o reino vos necesita, señor.

GARCÍA.— E dálle coa teima!

RODRIGO.— Señor. Señor, si. Señor, señor e mil veces señor. Señor de vidas e facendas. Señor de cada vila, de cada aldea, de cada lugaríño, desde Lugo a Coimbra. Señor dun reino que vos reclama.

Pouco a pouco, segundo foi avanzando o parlamento, GARCÍA comezou a ganir, a ladrar...

RODRIGO.— Non berredes, suplicovolo. Non berredes ou botarédelo todo a perder. Fun encomendado por un grupo de leis para vos sacar de aquí e levarvos alén do Sil. Ao voso reino. Un reino usurpado que tendes de recuperar. Un reino que esmorece nas furtivas mans do voso irmán Afonso. Un reino que só a vós pertence. Só a vós, Rei García.

Pero GARCÍA segue ladrando, ouveando... No seu desespero RODRIGO acaba por inmovilizalo e taparlle a boca.

RODRIGO.— Non berredes, digo! Parte da garda está confabulada connosco, mais non toda. Apenas temos tempo. Até a próxima quenda. Se antes do romper do día non estamos fóra... acabouse.

Consonte GARCÍA foi cedendo e acougando, RODRIGO foi relaxando o seu xesto até ilo convertendo nun afago, nun aloumiño dos que se lle fan a un can para tranquilizalo.

RODRIGO.— Así, tranquilo, tranquilo. Acougade. Así, así. Tranquilo. Estes anos de encerro acabaron por trastornarvos. (*Catando a miseria que o arrodea.*) E a quen non? Pero xa está. Xa está, meu señor. Tranquilo. Cando saíamos deste buraco todo irá vindo ao seu. A brisa fresca da mañá e os primeiros raios da alborada obrarán o seu milagre e seredes de novo o de antes, o de sempre. Vamos, hai que romper esta cadea.

GARCÍA.— Para que?

RODRIGO.— E a ti que che parece? (*Examinando a cadea.*) Ten que haber algún xeito. Cos dentes se fai falta!

GARCÍA.— Cos meus non contes. (*Repasando os dentes.*) Coitadiños. Nin un mal oso roerían, canto máis unha cadea. Ás veces cáeme algún e póñollo a mese Pérez, o ratiño dos dentes. Pero non vén por el. Se cadra non sabe que vivo aquí. Eu, a cada ratiño que vexo, pregúntolle: ti es Pérez? Eles míranme estrañados... “e ti es parvo”?

Durante a parrafeada, RODRIGO seguiu a cadea até a argola da que está amarrada, que á súa vez está fincada no chan. Finalmente, canaliza o seu desespero en tratar de arrincala turrando.

RODRIGO.— Ou vai ou rebenta. Se non é a cadea é a argola e se non é a argola é a pedra!

Mentres, GARCÍA desátase da cadea (que estaba suxeita ao pescozo e aos pulsos por trapos) e achégase a RODRIGO polas costas. RODRIGO fica desconcertado.

GARCÍA.— Está solta! Atoa eu, cando quero. Desde a Pascua do ano pasado. Afonso, o... fillo de meu pai, tivo un arranque de misericordia e mandou que ma soltasen. Xulgou que dezaseis anos, oito meses, tres semanas e

dous días de estar amarrado a esta cadea era xa tempo abondo. O grandísimo Afonso VI quixo agasallarme coa regalía de me deixar brincar libre... entre as catro paredes deste alxube. Mais eu teño unha dignidade. Se encadeado vivín, encadeado haberei de morrer. Liberándome desta cadea o que el quería era liberarse da súa, da que lle encadea a el a conciencia. Pois que meta a súa misericordia nese buraco polo que expulsa do seu corpo a menos fedorenta das súas miserias... e logo que limpe as mans coa súa conciencia!

RODRIGO.— Non berredes, suplicovolo! (*Tapándolle a boca. Pausa*) A verdade, señor... nunca pensei toparvos así.

GARCÍA.— Así, como?

RODRIGO .— Así...

GARCÍA.— Veña, ho, dío. Dío sen medo. Nunca pensaches toparme... como?

RODRIGO.— Señor...

GARCÍA.— Tolo?

RODRIGO.— Pois...

GARCÍA.— (*Logo dun intre de silencio.*) E quen che di que o estea? Pode que si, pode que non. Xa sabes, se mexan por ti... dis que chove, se te amarran con cadea... es un can, un macaco, un oso bailón. E xustamente para iso, para non tolear.

RODRIGO.— (*Logo dun tempinho.*) En fin, vamos, non hai tempo.

GARCÍA.— Como que non hai tempo? Outra cousa non haberá, mais tempo... Dimo a min.

RODRIGO.— Pero, señor...

GARCÍA.— O día aínda non rompe polo de agora, e antes quixera saber...

RODRIGO.— Saberédelo todo no seu momento, agora vamos!

GARCÍA.— Amodo!

RODRIGO.— Señor...

GARCÍA.— Non estou afeito ás présas.

RODRIGO.— Mais...

GARCÍA.— Que lle queres? Perdinlle o aquel. Aquí todo vai tan lento. A que nunca viches como

che crecen as uñas dos pés? Non digo aquilo de cortalas hoxe e que nunha semana estean outra vez longas e.. Non, digo miralas crecer... aos pouquiños. Eu de neno comíaas. As das mans e tamén as dos pés, que tiñan máis substancia. Agora as das mans aínda, mais as dos pés... (*Cunha postura para ver de comer as uñas dos pés.*) Empurra por aí...

RODRIGO.— Meu señor, polo amor de... (*Acougando.*) Está ben. Non será cousa de facermos coma o sapo. Que é o que queredes saber?

GARCÍA.— Que sapo é ese?

RODRIGO.— Como?

GARCÍA.— Non será cousa de facermos coma o sapo, dixeches. Que sapo é ese?

RODRIGO.— O do conto.

GARCÍA.— O conto, si. Como era?

RODRIGO.— É que máis ten iso agora..?

GARCÍA.— Ten, si, ten. Como era, ho?

RODRIGO.— Ai... non sei, non o lembro...

GARCÍA.— Entón por que falaches nel?

RODRIGO.— É un dito.

GARCÍA.— Un dito.

RODRIGO.— Un dito, si.

GARCÍA.— É por que se di ese dito? Porque os ditos se din por algo, non si?

RODRIGO.— Pois si.

GARCÍA.— Pois logo...

RODRIGO.— (*Un pouco desesperado.*) Ah...! Era un sapo que quería subir por unha escada. Unha escada de mil chanzos. Para subir cada chanzo botaba un mundo de tempo, porque era moita xeira para el. Mais non tiña présa. Ía pouquiño a pouco...

GARCÍA.— A xeito, a xeitiño... un chanzo, outro, outro, outro, outro... E ao cabo de vinte anos...

RODRIGO.— Ao cabo de vinte anos chegou ao último. En fin, ao penúltimo. Faltáballe un. Só un.

GARCÍA.— E de súpeto, coa alegría ou coa impa-

ciencia, entráronlle as présas: pegou un pincho. Máis non acadou o derradeiro chanzo. Faltoulle un nadiña e...

RODRIGO.— Arrolou escada abaixo, os novecentos noventa e nove chanzos. Outra vez no punto de partida.

GARCÍA.— (*Cantaruxando.*) Sapo, sapiño,
paso a pasiño,
pouco a pouquiño,
colle o camiño.

RODRIGO.— (*Enganchando coa cantaruxada.*)
Sapo, saposo,
sempre calmoso...

GARCÍA.— (*Sinalando a RODRIGO, como recoñecendo.*) Sapo Triste. Rodrigo Sapo Triste.

Decatándose de que GARCÍA o recoñece, RODRIGO axeónllase coa vontade de lle beixar as mans.

RODRIGO.— Meu Señor...

GARCÍA.— (*Impedíndollo.*) Vai de aí. (*Un tempo.*)
Din que os sapos poden estar baixo terra moitos anos, até que un día, porque chove

ou polo que sexa... (*Aceno.*). Non te recoñe-
cín até o de agora porque... (*Busca unha*
razón.) Por que?

RODRIGO.— Porque o tempo non perdoa e un
muda... Mais vós estades igual, igualiño,
como se os anos non pasasen para vós...

GARCÍA.— Pois non. Aquí dentro os anos non dan
pasado

RODRIGO.— (*Descolocado.*) Quero dicir que...
estou a miraros e... é como se tivese diante
o neno aquel co que xogaba de pequeno.

GARCÍA.— A pel daquel neno, só a pel. Por dentro
hai un vello. Un vello envolto na pel dun
nenho momificado. (*Un tempo.*) Onde estive-
ches enterrado todo este tempo?

RODRIGO.— Pois...

GARCÍA.— Que pregunta, non? O que estivo ente-
rrado fun eu.

RODRIGO.— Máis ben.

GARCÍA.— Sapo Triste...

RODRIGO.— Xa esquecera esa alcuña. Tampouco
ninguén mo chamou desde entón.

GARCÍA.— Tampouco me chamou a min ninguén
“Mil bichos” desde entón.

RODRIGO.— Mil bichos?!

GARCÍA.— Mil bichos.

RODRIGO.— Xa. Por aquela túa teima cos animais, sempre amentándoos, arremedándoos... Non querendo ofender.

GARCÍA.— Non, ho. Ao contrario. Só eles poden aspirar a ser felices. Teñen os ollos virados á terra, que está aí, pretiño. Pretiño. Pódela tocar, pisar e até comer, se fai falta. A nós fíxonos Deus á súa imaxe e semellanza... e o ceo está tan alto!

RODRIGO.— Pero paga a pena loitar por el.

GARCÍA.— Non sei que che diga.

RODRIGO.— Eu de pequeno guindáballe pedras para ver de alcanzalo...

GARCÍA.— Ben o lembro... Na caída, unha daquelas pedras alcanzoume a min. (*Buscando na cabeza.*) Aínda teño a marca.

RODRIGO.— E quen che mandaba porte xusto onde ía caer a pedra?

GARCÍA.— (*Un tempo.*) Que fas aquí?

RODRIGO.— Xa cho dixen. Hai unha hoste agardándote aí fóra...

GARCÍA.— E por que ti?

RODRIGO.— E por que non? Alguén tiña que ser. É para min é unha honra. Eu, que partillei contigo aqueles primeiros anos, os mellores, cando todo eran soños...

GARCÍA.— Aí falaches: todo eran soños.

RODRIGO.— Os teus cumpríronse.

GARCÍA.— Os meus? Cales eran?

RODRIGO.— Quen coma ti leva sangue real polas veas soña con reinar. Está na súa natureza.

GARCÍA.— (*Arrincando un dos carrachos.*) Tamén estes bechocos teñen sangue real e mais non soñan con seren reis. (*Ao carracho.*) Louvor a ti, rei e señor do meu sobaco. Non. Confórmanse con teren cadanseu sitio e engordar felices. (*Ao carracho.*) Anda, vai con mese sapo, que ben se lle ve máis graúdo ca min, e menos solicitado.

GARCÍA bota o carracho contra RODRIGO. *Este esquívao e despois, no chan, trípao.*

GARCÍA.— Ves? Non hai peor cousa que pretender alcanzar soños que non están para un. E aínda peor se te empurran a facelo. Lembras o día do reparto?

RODRIGO.— Como se fora hoxe. (*En arremedo discursivo*) “Nós, Fernando, Emperador de todas as Hespañas, pola rexia autoridade que de Deus nos vén dada e sabendo que máis cedo que tarde por El seremos chamado, vimos en acordar que, chegada esa derradeira hora, a nosa herdanza sexa repartida entre os nosos fillos. Para Sancho, primoxénito noso, será o reino de Castela. Para o noso segundo fillo, Afonso, será o reino de León. E para García, o menor en idade mais non en estima, será o reino da Galiza”.

GARCÍA.— Pois si que o lembras, si!

RODRIGO.— E logo non! Que orgulloso me sentín!

GARCÍA.— Orgulloso ti? Por que?

RODRIGO.— Por ti.